



MANIFESTO

## POR UNHA MAREA CIDADÁ PARA PONTEVEDRA

**Vivimos tempos difíciles para a maior parte da cidadanía.** A crise sistémica que estamos a vivir é aproveitada polos que nos gobernan para aplicar políticas de recorte de dereitos coa única intención de mellorar os beneficios e a situación dominante das grandes corporacións. **Neste momento de colapso económico e político, cando a e miseria moral do actual modelo se fai máis evidente, a situación da maioría social é cada día mais difícil,** con cifras de desemprego, pobreza e exclusión insoportables; con intolerables recortes en ensino, pensións e dependencia; coa privatización da sanidade; con perda da vivenda por miles de cidadáns, e coa ameaza de desmantelar de vez os servizos sociais. Mentres, **as elites do réxime non paran de sorprendernos con novos e cada día máis vergoñentos casos de corrupción e cobiza.**

**Asistimos, por tanto, a unha crise global da que non poderemos saír aplicando as vellas receitas de crecemento especulativo, senón baseándonos nun novo modelo redistributivo no social e sustentable no ambiental.**

Por outra banda, hai xa tempo que son moitos os sinais que indican que o modelo político institucional saído da Transición está esgotado: a falta de solucións aos grandes problemas que ten a cidadanía; o mantemento de institucións inservibles (a Casa Real, as deputacións), ou baleiras de contido (o senado); o crecemento transversal dos casos de corrupción política e económica; o proceso de adelgazamento drástico no estado de benestar; os intentos de recentralización... Todo iso conduce a unha profunda indignación e **á desafección da política dun número cada vez máis grande de cidadáns.**

Diante disto, unha parte crecente da cidadanía dixo basta e púxose en marcha na procura dun novo horizonte, **empezando a entender a democracia como unha expresión cívica e cultural e non só como un instrumento representativo bipartidario.**

Asistimos a **un novo tempo político que nos fala dunha maior participación cidadá e dun novo xeito de entender a política, ligada ás demandas reais da xente**. As eleccións municipais de 2011 marcaron un antes e un despois coa irrupción do movemento 15M. As vindeiras, en 2015, van estar ligadas necesariamente a ese movemento de cambio cívico e democrático.

Pensamos que é o **momento de abrir un proceso encamiñado á suma de forzas de cara ás eleccións municipais do ano vindeiro. Necesitamos un espazo de confluencia no que caibamos todos arredor dun desexo común: acabar coas políticas ditadas polas elites e o poder económico e rescatar a democracia e a participación hoxe vixiadas tamén polos partidos que dominan o ámbito municipal**.

**Desde hai tres lustros, os últimos gobernos municipais lograron modernizar Pontevedra** en aspectos como a ordenación do tráfico, a ampliación de áreas peonís ou a reactivación cultural, pero a inercia do paso do tempo levou a acentuar os tics autoritarios dos seus dirixentes. Ademais, camiñouse cara a **un modelo de privatización e externalización de servizos**, unido á ausencia de **políticas de progreso en tres aspectos centrais para unha cidade avanzada, como son as políticas de transparencia e participación, as políticas sociais ou as políticas de sustentabilidade**.

**Queremos construír a Pontevedra do século XXI tomando como guía os referentes éticos do século pasado: o republicanismo democrático do alcalde García Filgueira, o galeguismo cívico de Alexandre Bóveda, o cosmopolitismo creativo de Manuel Quiroga, ou o humanismo libre de Ernestina Otero**.

Queremos un cambio **cooperativo**, porque non nos valen os modelos competitivos e agregativos da vella política, senón unha política da cooperación entre homes e mulleres libres e solidarios; **ciudadá**, porque as persoas que nos representen serán elixidas en primarias abertas e con posibilidade de ser revogadas; **democrático**, porque o que está en cuestión son os nosos dereitos fundamentais; e **radical**, porque queremos un cambio nas políticas sociais, ambientais e de participación e transparencia en favor da maioría, sen renunciar ao dereito a decidir sobre todo o que nos afecta como colectivo e como persoas.

**De seguro que, coa ilusión e o compromiso da maioría, faremos que a onda democrática chegue a Pontevedra e toda Galicia. Co cambio, e para o ben común**.

*Pontevedra, 30 de agosto de 2014*